

ARQUIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADEO

FONDO

1. AREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1. Código de referencia: ES GA 27051 AM

1.2. Título: Arquivo Municipal de Ribadeo

1.3. Datas: 1536 / 2016

1.4. Nivel de descripción: Fondo

1.5. Volume e soporte: 466 m. lineais (sen contabilizar o arquivo administrativo. (2000 unidades de instalación)

2. AREA DE CONTEXTO

2.1. Nome do produtor: Concello de Ribadeo

2.2. Historia institucional / biografía: O termo municipal de Ribadeo ocupa a parte occidental da ría de Ribadeo, ten una extensión de 106 km², a cifra de poboación no ano 2016 segundo os datos do INE era de 9.972 habitantes repartidos nas parroquias de A Devesa (Santalla), Arante (San Pedro), Cedofeita (Santa María Madanela), Couxela (Santiago), Covelas (San Vicente), Ove (San Xoán), Piñeira (San Xoán), Ribadeo (Santa María), Rinlo (San Pedro), Santalla de Vilausende (Santalla), Vilaframil (San Lourenzo) e Vilaselán (Santa María).

Non se dispón dunha historia actualizada da vila de Ribadeo, existen estudos elaborados por eruditos locais como Fernando Méndez San Julián e Francisco Lanza Álvarez.

Fernando López Alsina, no seu estudo sobre os núcleos urbanos do Cantábrico, indica que en torno ao ano 1128 Alfonso VII acomete un reordenamento territorial que consiste en ampliar as terras de realengo a costa das do bispo de Mondoñedo, no 2011 atopouse no Arquivo Histórico Nacional o documento mais antigo que fai referencia á vila de Ribadeo con data do 1177.

Pero é en 1181 cando Fernando II eleva a rango de Vila o núcleo de poboación ao outorgar unha “carta puebla” nos que figuraba, entre outros privilexios, o de celebrar mercado, polo que se considera esta data como a de creación do concello.

Inicialmente a vila dependía do rei, o paso á dependencia señorial produciuse no 1369 cando Enrique de Trastámara otorga a vila e o alfoz de Ribadeo, coas súas rendas e dereitos, ao cabaleiro Pierre de Villaines como premio polos servizos prestados na guerra que enfrontara a Enrique con Pedro I de Castela. O beneficiario do señorío vendeuno ao Condestable de Castela ao que llo confiscou Juan II no 1422 para doalo dez anos máis tarde a Rodrigo de Villadrando; as alianzas matrimoniais e outros feitos familiares levaron ao condado baixo o señorío dos duques de Híjar, polo xeral os señores estiveran ausentes da vila permitindo que foran as elites locais as que manexasen os asuntos cotiás.

Na idade moderna e baixo o dominio dos condes (situación que se mantén ata o comezo do século XIX) o condado está integrado na provincia de Mondoñedo (comezos século XVI a 1834), unha das sete que integraban o Reino de Galicia, as elites locais mantiveron con estas dúas autoridades un permanente conflito de necesidade - desconformidade.

A economía baséase no comercio naval Atlántico e coas Indias, coa exportación de madeira como elemento principal, a emigración e a construción naval en menor medida, neste período a vila mantívose como núcleo comercial, pero ruralizado (as familias mantiñan animais para o seu consumo). Na década de 1770 un novo tipo de comercio sumarase á actividade económica coa autorización para a importación directa e con desgravacións de liño e cáñamo dende o Báltico, o que supón unha reactivación da vida da vila favorecida polo aumento da lista de produtos importados. O porto de Ribadeo convértese no cuarto en importancia de Galicia a fines do s. XVIII. O comercio mantense como a actividade primordial da vila.

2.3. Historia arquivística:

Tres aspectos destacan negativamente: a carencia de persoal técnico encargado do arquivo, salvo dun xeito breve e esporádico; as vicisitudes históricas e os cambios de situación. Eduardo Gutiérrez, Cronista Oficial de Ribadeo o explica así:

“A historia e vicisitudes do Arquivo Municipal de Ribadeo, están vencelladas aos propios acontecementos que a conforman e, sobranceiramente, aos lugares físicos que ocupou. Así pois, aparte das doenzas seculares, como a humidade, por non falar de enchoupamento, os parásitos e particularmente a couza, ademais compre citar os danos sufridos por apropiación indebida, ou por furtos, no sentido no que recolle o delicto o Código Penal, porque non temos noticia de que as subtraccións se produciran con violencia. Nas palabras pronunciadas con ocasión da toma de posesión como Cronista Oficial, tivemos ocasión de citar algún caso, como exemplo de desaparicións, aínda que hai moitos máis.

O Arquivo ubícase no faiado do Pazo Municipal a partir de 1945, procedente da anterior Casa Consistorial, situada na Praza de Abaixo. Ocorreu que en 1981, o antigo pazo de Ibáñez foi totalmente baleirado e reconstruído, conservando as paredes exteriores, unha intervención, por certo, de dubidosa pertinencia, nalgúns aspectos. Naquel intervalo os fondos pasaron aos baixos do edificio dos irmáns Moreno, con transporte, de ida e volta, en precarias condicións. O soto da Torre dos Moreno era moi húmido, unha verdadeira constante na riola de locais que foi ocupando o Arquivo, porque a sé municipal da Praza de Abaixo tamén o é. Ao regreso, foi amoreado de calquera xeito e até 1991 non se luciron as paredes destas estancias. Daquela, aproveitouse unha oferta da administración para contratar unha especialista en arquivística, cuxo convenio prorrogou o Concello á súa conta. Foi a primeira vez que mans profesionais procederon a unha inicial ordenación e catalogación dos fondos.

Méndez San Julián ten aludido ao costume de algúns secretarios de levar para o seu domicilio as actas consistoriais, e tamén á desaparición dos libros anteriores a 1536, que é a primeira que se conserva, xa que o libro becerro vello perdeuse ou esvaeceuse, aínda que non se poida atribuír o suceso nin á maxia, nin ao xogo das agachadas. Sen pensar en explicacións doadas –Nihil sub sole novum–, ou sexa alén da ruindade, algo debeu influír en tais hábitos, a precariedade dos locais municipais. Téñase en conta que até 1568 non se acordou edificar unha casa ad hoc na Praza de Abaixo, que sería modificada e mellorada ao remate do século XVIII. Pero antes, as casas consistoriais eran apenas un eufemismo referido a un inmovible ubicado en Porcillán, tan estragado en 1618 que houbo que contratar o seu arranxo co canteiro Diego Pico de Coaña, aínda que uns corenta anos despois volveu caer en ruína.

Pero non só foron a couza, a humidade ou os ladróns e caloteiros os únicos axentes nocivos, senón tamén as actuacións políticas. En 1824, por orde superior, enviáronse ao Intendente de Policía os libros de actas do período constitucional, dos anos 1820, 1821, 1822 e parte de 1823. Fixéronse xestións, pero nunca volveron. Agora o obradoiro de emprego Ribadeo no tempo 2, procedeu a unha recatalogación e dixitalización parcial, para facilitar o acceso sen ter que acceder directamente aos fondos, o que vai beneficiar tanto aos investigadores e estudosos, como á propia cerna documental, que deixará de estar sometida ao albur de algúns desapreheivos”.

O Obradoiro amplía os cometidos a realizar coa informatización das antigas fichas descritivas, a reordenación e actualización da clasificación do fondo depositado no arquivo histórico e a ordenación, descrición e clasificación da documentación depositada no arquivo administrativo así como a dixitalización dos libros de actas. A limitación de tempo e o volume da documentación non permitiron rematar estes dous últimos traballos.

2.4. Forma de ingreso: Transferencia.

3. AREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

3.1. Alcance e contido:

Esta documentación producida e recibida polo Concello de Ribadeo divídese en catro seccións: Goberno, Administración, Servizos e Facenda. As series máis importantes, polo seu interese para a investigación e pola continuidade temporal, son as que corresponden aos libros de actas de sesións do Concello (1536 -), libros de actas de sesións de Comisións de Goberno (1924 -) e as relacionadas cos aspectos económicos.

Unha pequena parte do Fondo documental do Arquivo procede de institucións desaparecidas, das que o Concello asumiu as súas competencias, como son os antigos establecementos de beneficencia, o Hospital de San Sebastián e San Lázaro (1847 – 2002).

3.3. Novos ingresos:

Fondo aberto no que se producen ingresos periódicos procedentes das distintas seccións do concello.

3.4. Organización:

O Cadro de Clasificación.

4. AREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

4.1. Condición de acceso:

Acceso libre como norma xeral dado que se trata de documentación pública, pero a limitación de persoal responsable do arquivo e/ou o estado de conservación da documentación imponen restricións.

4.2. Condición de reprodución:

Suxeito ás taxas e prezos públicos que para a reprodución de documentos teña fixado o Concello.

4.3. Lingua/escritura(s) dos documentos:

Castelán e galego.

4.4. Características físicas e requisitos técnicos:

A documentación atópase maioritariamente en soporte papel, de carácter textual, pero tamén planos (algúns sobre tela), debuxos, fotos, carteis e CD's.

Un considerable volume de documentación atópase en mal estado e precisaría restauración; sucidade, bibliófagos e humidade son os elementos máis negativos. Nos anos 80 do século pasado un pequeno numero de libros de actas foron restaurados no Arquivo do Reino de Galicia.

4.5. Instrumentos de descrición:

Inventario informatizado en BB.DD Xaral,
Fichas manuscritas (desfasadas e incompletas)

5. AREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

5.4. Nota de publicacións:

MÉNDEZ SAN JULIÁN, Fernando. *Apuntes sobre Ribadeo*: publicado en “*Las Riberas del Eo*”. [Ribadeo?], imp. 1884

LANZA ÁLVAREZ, Francisco. *Ribadeo antigo*. A Coruña 1973

LÓPEZ ALSINA, Fernando. *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo*. Santiago de Compostela, 1976

GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA. Tomo XVI, ed. Silverio Cañada, Santiago, 1974, p. 205, tomo XXVI

7. ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

7.1. Nota do arquiveiro:

Descrición realizada polo Obradoiro de emprego “Ribadeo no tempo II” integrado por: María Luísa Duarte Pillado, María Rebeca Duarte Pillado, Alba Lagarón Criado, Élida Río Cao, Vanessa Rodríguez Meira, Sara Luz Rodríguez Saavedra, Aurora Sobrado Rodríguez, e Ediana Carolina Zambrano Quintero.

7.2. Regras ou Normas

Proposta de cadro de clasificación de arquivos municipais. Xunta de Galicia
Norma Galega de descrición arquivística (NOGADA)

7.3. Data(s) das descricións: 2016 -09 / 2017 - 03